

Ola a todxs!

Como ides? Esta semana que entra (**23-29/03/20**) varias son as tarefas...empezo:

- Se aínda non o fixechedes, tendes que vos **matricular** na [aula virtual do IES Leiras Pulpeiro](#) (enlace que aparece na parte superior da [web](#) do centro), indo primeiro ao apartado de Bioloxía e Xeoloxía, e logo ao curso de Bioloxía e Xeoloxía de 1º ESO (Cristina) cando vos pida a chave de matriculación, poñede sen sen espazos e en minúscula: **1eso**. Se non tendes nome de usuario e contrasinal, tendes que poñervos en contacto con secretaria.leiras@gmail.com (Xabi), el ten que vos dar de alta.
- Vou a abrir un tema no foro de Novas e actividades de Bioloxía e Xeoloxía, que aparece na parte superior do curso, e ao que teredes que contestar todxs cun saúdo! así comprobarei que sabedes usalo. :)
- Tamén quedaba pendente o **exercicio 30 páxina 93**, para practicar a identificar cunha clave dicotómica. Teredes que facer o exercicio na vosa libreta ou folios, facedes captura e o entregades. Esta vez, imos a facer a entrega pola aula virtual, a través da tarefa no apartado do tema da BIOSFERA, e vós teredes que adxuntar esa captura como arquivo e entregalo. Se vos ocupa o exercicio dúas follas, e polo tanto facedes dúas fotos teredes que pegalas nun documento como imaxe, e entregar ese documento, resumindo: non vale entregar máis dun arquivo!!.
- Quero que fagades o **exercicio 42 e 43 da páxina 95**, e o entregades, do mesmo xeito que o anterior, esta forma será a maneira de facer as entregas a partir de hoxe.
- Teredes que corrixir os exercicios da pasada, adxunto estos días arquivo coas solucións na aula virtual.
- E agora que xa sondes algo conscientes do que mide unha célula e os seus orgánulos, e as súas unidades (micras, nanómetros..), quero que fagades o **debuxo dun Coronavirus a escala** e que o comparedes cunha bacteria e buscar semellanzas e diferenzas. Para facer o Coronavirus teredes primeiro que buscar información, e esas páxinas consultadas apuntalas e adxuntalas ao voso debuxo para saber cales foron as fontes de información e polo tanto ver se é crible a información empregada. **IMPORTANTE:** buscade fontes de información verificada, por exemplo, de organismos públicos etc. ou que a autoría do documento poida ser demostrada.

Lembrede: os virus non son células, polo tanto non son seres vivos!!! pero en aparencia e polos seus orgánulos, teñen a mesma pinta?

- Por ultimo, xa sei que xa dimos este tema da Hidrosfera, pero...como tiñamos que facer a campaña esta semana, porque onte foi **22 de Marzo, Día Mundial da Auga**, que vos parece se a retomamos? Propoño que fagades un **vídeo curto** (mínimo 1 minuto, máximo 3 minutos), cunha mensaxe motivadora sobre a importancia do aforro da auga, e aínda que agora cómpre lavar ben as mans e a casa, non é incompatible con lembrar a importancia que ten a auga para a vida. No vídeo, non tendes porque sair vós se non queredes, podedes empregar títeres, marionetas, debuxos, ou o que se vos ocorra e apeteza. Tamén poden sair os vosos avós e avoas, nais e pais, ou quen queira! Sempre que gardedes a distancia recomendada, xa sabedes!!! ;)

IMPORTANTE: Cando o teñades, teredes que ter precaución de que o seu formato sexa mp4 e podelos subir ás redes (Facebook ou Instagram de @bioxeoleiras).

Tendes a vosa disposición clases de Bioloxía e Xeoloxía na televisión:

- Na 2, os venres de 12-13h, **Aprendemos en Casa**: <https://www.rtve.es/rtve/20200320/rtve-aprendemos-casa/2010489.shtml>
- Na G2 , entre as 11-13h, os programas de **Xeoclip e Aquelando na casa**: http://www.crtvg.es/crtvg/noticias-corporativas/a-g2-emitira-de-de-luns-a-venres-un-bloque-educativo-para-apoiar-os-estudiantes-galegos?_tcode=bHExNWQy

Calquera dúbida sobre tarefas escribide no Foro de Novas e Actividades , que se atopa na parte superior do curso de Bioloxía e Xeoloxía da aula virtual, e senón cristina.gmez.riguez@gmail.com. E lembrade suscribivros ao **Facebook** e ao **Instagram de Bioxeoleiras**.

Ánimo e xa sabedes: **mantede as mans ben limpas, distancia de seguridade e imprescindible contacto social**. Entre todxs podemos frear o Coronavirus. Un abrazo ;-)

-

Como colofón do tema da Biosfera, gustaríame que fixerades un debuxo do Coronavirus e indiques

Xa sei que xa dimos este tema da Hidrosfera, pero...como tiñamos que facer a campaña esta semana, que vos parece se a retomamos? Propoño que fagades un vídeo curto (mínimo 1 minuto, máximo 3 minutos), cunha mensaxe motivadora sobre a importancia do aforro da auga, e aínda que agora cómpre lavar ben as mans e a casa, non é incompatible con lembrar a importancia que ten a auga para a vida. O vídeo non tendes porque sair vós, podedes empregar marionetas, ou debuxos, ou o que se vos ocorra. Cando o teñades, o gardades e poderei recoller aqueles que teñan formato mp4, e poder facer unha montaxe, ou algúns deles directamente deixalos .

que o grabedes e o adxuntedes aquí como arquivo, ou

Aprendemos en
casa <https://www.rtve.es/rtve/20200320/rtve-aprendemos-casa/2010489.shtml>